

Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****SILLEDA****Subvencións e axudas**

*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL E/OU VECIÑAL PARA A ANUALIDADE DE 2024*

**ANUNCIO**

(Expte 14/2024)

*BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL E/OU VECIÑAL, NO CONCELLO DE SILLEDA PARA A ANUALIDADE DE 2024*

Por acordo do Pleno da Corporación de data 25 de xaneiro de 2024, acordouse prestar aprobación as “Bases Reguladoras da Convocatoria de subvencións para a realización de actividades de promoción da participación social e/ou veciñal no Concello de Silleda para a anualidade 2024”, que se insire a continuación:

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN SOCIAL E/OU VECIÑAL, NO CONCELLO DE SILLEDA PARA A ANUALIDADE DE 2024**

As presentes, bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións veciñais e/ou de participación social que desenvolvan a súa actividade no Concello de Silleda, están suxeitas ó disposto pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, e demais normativa vixente.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece o marco de actuacións nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que outorguen as Entidades que integran a Administración Local rexeranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

Ó abeiro de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a entidades que cumpran os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades veciñais, de contribuír ó fortalecemento do tecido social e á promoción da calidade de vida e do benestar dos cidadáns do Concello.

As presentes bases intégranse no Plan Estratéxico de Subvencións para 2024.

### ARTIGO 1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a convocatoria e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, para a realización de actividades de promoción da participación social e/ou veciñal.

Poderán optar a estas subvencións todas as asociacións inscritas no Rexistro Municipal que presten servizos ou organicen actividades sen fin de lucro.

Os gastos subvencionables serán unicamente aqueles que estean directamente ligados á realización das actividades, incluíndo material ou equipamento necesarios para o desenvolvemento das actividades obxecto de subvención, e vestiario, de ser o caso.

Non serán obxecto de subvención:

- a) Os gastos de mantemento ordinario de auga, luz e gas.
- b) As actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, e as que recibisen calquera outro tipo de achega municipal.
- c) Os gastos derivados da organización de xantares ou degustacións, agás no caso de subvencións a festas gastronómicas, demostracións gastronómicas, ou gastos relacionados cas dietas das persoas que participan na organización do evento.
- d) Facturas de bebidas alcohólicas ou outros produtos lesivos para a saúde.

### ARTIGO 2 FINANCIAMENTO

A contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 11.100 euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 334.48. En aplicación do artigo 58 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establécese unha contía adicional máxima de 3.000 euros, cuxa aplicación á concesión destas subvencións non requirirá dunha nova convocatoria. Este crédito, por depender dun incremento do importe do crédito orzamentario dispoñible na aplicación orzamentaria 334.48 queda condicionada á declaración da dispoñibilidade do mesmo antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

privados supere o custe da actividade a desenvolver polo beneficiario. Neste suposto, modificarase a resolución da concesión.

### ARTIGO 3. BENEFICIARIOS

Con carácter xeral, terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións culturais que cumpran as seguintes condicións:

- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Carecer de fins de lucro para o desenvolvemento das actividades obxecto desta subvencións.
- Desenvolver as súas actividades no Termo Municipal de Silleda ou ter a sede no mesmo. De ser actividades a desenrolar fóra deste, deberá de tratarse de actividades que suplan ou complementen as atribuídas ao Concello de Silleda.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as entidades en quen concurra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións.

Tampouco poderán concorrer na convocatoria regulada por estas bases aquelas entidades culturais que contén con subvención nominativa no ano en curso.

As Asociacións ou Entidades só poderán concurrir a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais, participación veciñal ou Deportivas).

### ARTIGO 4. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Sinalar na publicidade que a actividade conta co financiamento da concellaría correspondente do Concello de Silleda.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.
- Comunicar ao Concello a concesión de subvencións de calquera entidade pública ou privada. O incumprimento desta obriga pode dar lugar ás esixencias das responsabilidades que determine a lexislación vixente.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que foi concedida a subvención.



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

- Facilitar tanta información sexa requirida polo Concello ou polo Tribunal de Contas.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello.
- As restantes establecidas pola normativa reguladora de subvencións.

#### *ARTIGO 5. GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA SUBVENCIÓN*

Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ó funcionamento da entidade beneficiaria, tales como gastos federativos, persoal, desprazamentos, subministros e outros de análoga natureza.

O importe da subvención non poderá superar o 100% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por sí mesma ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenrolada.

Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera este porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.

O período que se terá en conta para a realización da actividade será do 30 de novembro de 2023 ao 30 de novembro de 2024.

#### *ARTIGO 6. PUBLICIDADE E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES*

As solicitudes presentaránse no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello, [www.silleda.gal](http://www.silleda.gal).

**CALQUERA SOLICITUDE PRESENTADA SEGUINDO UN PROCEDEMENTO DISTINTO AO AQUÍ DESCRITO SERÁ INADMITIDA.**

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria que se aprobe en aplicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra. A convocatoria e concesión das subvencións publicarase na BDNS. A publicación da concesión na BDNS será válida a efectos de notificación.

Xunto ca solicitude os interesados deberán achegar a seguinte documentación seguindo o modelo que se facilitará dende o Concello de Silleda, e se incorpora ás presentes bases como anexo:

- a) Instancia individualizada cada modalidade de actividade, asinada polo presidente/a da entidade, asociación ou por quen teña conferida a delegación debendo acreditar debidamente tal circunstancia na que conste a finalidade e contía da subvención que se solicita..



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

- b) Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización.
- c) Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para o seu financiamento
- d) Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF, segundo modelo .
- e) Copia do CIF da Entidade.
- f) Comunicación de se lles foi concedida outra/s subvención/s para a mesma actividade procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude de ser o caso
- g) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención segundo modelo. Dita declaración poderá comprobarse con anterioridade ou posterioridade á concesión da subvención e, no caso de detectarse o incumprimento dalgunha condición, procederá a denegación da subvención ou a esixencia de reintegro.
- h) Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.
- i) De ser o caso, documento probatorio de que a asociación ten unha traxectoria de 20 anos ou máis.

#### ARTIGO 7. ENMENDA DE DEFECTOS

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### ARTIGO 8. INSTRUCIÓN

A instrución do procedemento corresponderalle á Alcalde ou ó Concelleiro en quen delegue, realizando de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse proposta de resolución.

Realizada a instrución, elevarase o expediente á Comisión de Valoración a efectos de que emita informe sobre a avaliación das solicitudes presentadas, segundo esixe o artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

O instrutor, á vista deste informe, formulará proposta de resolución provisional, que será notificada ós interesados e exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez días ós interesados para formular alegacións.



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

Á vista das alegacións presentadas, no seu caso, o instrutor formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con motivación relativa á avaliación dos solicitudes e ós criterios seguidos para realizala.

2.- A Comisión de Valoración, estará integrado polos seguintes membros, con voz e voto:

- Presidenta: Concelleira de Cultura.
- Vogal 1: Funcionario/a ou traballador/a municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de Secretario.
- Vogal 2: Técnico/a de cultura ou animador/a sociocultural.

#### ARTIGO 9. RESOLUCIÓN

A proposta de resolución definitiva será remitida á Intervención para o seu informe.

O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.

A resolución deberá conter os seguintes extremos:

- Relación de solicitantes que resulten beneficiarios, coa motivación correspondente, e o importe asinado.
- Desestimación do resto das solicitudes, coa motivación correspondente.

A resolución definitiva publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e na BDNS entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días.

O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexítima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.

#### ARTIGO 10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SOLICITUDES

A comisión de subvencións procederá á proposta das axudas e subvencións, logo dos informes que consideren precisos, e segundo os criterios que de seguido se sinalan:

a. Criterios en base á valoración xeral da asociación (segundo a súa natureza):

- a.1. Número de persoas socias \_ ata 10 puntos.
- a.2. Continuidade da traxectoria dende a súa creación\_ ata 10 puntos.

b. Criterios en base á valoración da actividade:

- b.1. Interese social/cidadá das actividades (número de participantes, repercusión social...)\_ Ata 5 puntos.
- b.2. Número de actividades realizadas ao longo do ano\_ Ata 10 puntos.



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

c. Criterios en base á valoración da promoción da participación social:

- c.1. Fomento da participación do colectivo infantil ou xuvenil\_ Ata 5 puntos.
- c.2. Fomento da participación da poboación en xeral\_ Ata 5 puntos.
- c.3. Fomento da igualdade\_ Ata 5 puntos
- c.4. Fomento de actividades sostibles e relacionadas ca protección do Medio Ambiente ou a recuperación de tradicións\_ Ata 5 puntos

No caso de que unha vez aplicados os anteriores criterios non se esgote a totalidade do crédito orzamentario, terase en especial consideración aqueles colectivos cunha traxectoria temporal demostrable de 20 anos ou máis. Deste xeito, incrementarase a subvención por cada tramo de 20 anos de actividade continuada en 100 euros, ata un máximo de 200 euros.

Pola natureza das subvencións reguladas nestas bases, na resolución de concesión procederase ao prorrateo do importe máximo do crédito destinado a estas subvencións entre os distintos clubs ou entidades que resulten beneficiarios da subvención, en función da puntuación acadada na aplicación dos procedentes criterios.

#### *ARTIGO 11. ANTICIPOS E ABONOS A CONTA*

Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade, e previa xustificación.

#### *ARTIGO 12. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO*

Os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención como data límite antes do 30 de novembro de 2024, salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo e fose concedida prórroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.

A xustificación deberá incluír a seguinte documentación:

- 1º Conta xustificativa simplificada.
  - Memoria.
  - Relación clasificada de gastos.
  - Detalle doutros ingresos ou subvencións.
- 2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.
- 3º Declaracións e certificados.

A continuación se detalla o contido dos distintos documentos.

##### *1º Conta xustificativa simplificada*

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

simplificada, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

De conformidade co artigo 75 do DECRETO 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esta se presentará co seguinte contido:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.
- b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.
- c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

O modelo a utilizar será o recollido no Anexo das presentas bases.

## 2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

1.- Os gastos en bens e servizos se acreditarán mediante facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Poderán presentarse orixinais ou fotocopias compulsadas..

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

1. A factura orixinal será compulsada no Concello de Silleda.
2. No momento da compulsa o funcionario encargado da mesma realizará a correspondente dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)
3. Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

As facturas deberán emitirse a nome da asociación e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1.496/2003 polo que se regulan as obrigacións de facturación.

2.- Os gastos de persoal se acreditarán mediante:

- Nóminas
- Documentos TC-1 e TC-2 acreditativos de cotización á seguridade social.
- Documentos 111 e 190 acreditativos do pago do IRPF





Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

- Partes horarios

A xustificación da subvención incluírá en todo caso a acreditación do pago correspondente. Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior a 1.000 euros.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos necesarios para a realización da actividade subvencionada, consonte o expresado na memoria descritiva e no orzamento presentados xunto coa solicitude.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables (aínda que dentro das mesmas consten conceptos subvencionables).
- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.
- As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

*3º Declaracións e certificados:*

- Declaración responsable de non ter recibido outras axudas
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Cando o importe concedido supere os 3.000 euros deberán aportarse tamén os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e coa seguridade social.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

### *ARTIGO 13. REINTEGRO DE SUBVENCIONES*

Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pago da subvención, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

### *ARTIGO 14. RÉXIMEN SANCIONADOR E CRITERIOS DE GRADACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS*

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes.

A non realización da actividade ou realización inferior ao 30% dará lugar á perda total da subvención; no suposto de realización parcial superior ao importe anterior se abonará o importe xustificado.



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

**ARTIGO 15. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL**

*Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade:* En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP), relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que os datos recabados, e que Vd. nos facilite e achegue a esta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda.

*Lexitimación para o tratamento dos datos:* As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no consentimento que vostede concede ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigaición legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

*Cesión de datos:* A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que,

Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requeridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en Rúa do Progreso 41 Silleda (36540) Pontevedra ou por vía mail a: [info@silleda.gal](mailto:info@silleda.gal) ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

## ANEXOS

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES VECIÑAIS E DE PARTICIPACIÓN SOCIAL ANO 2024				
1. DATOS DO SOLICITANTE				
Nome da asociación		CIF		
Nome do representante		NIF		
Enderezo				
Localidade		Provincia		CP
Teléfono fixo		Móbil		Correo e
2. SOLICITUDE				
2. Orzamento da actividade:				
a) Custo total en euros				
b) Importe da subvención solicitada en euros				
3. Orzamento anual da asociación:				
4. Ámbito da actividade				
- Local				
- Autonómico				
- Estatal				
5. Número de socios:				
6. Edición ou antigüidade da actividade:				
7. Número de posibles beneficiarios da actividade:				
8. Outras axudas solicitadas para a mesma finalidade:				
3. Documentación que se achega.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Memoria das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización</li> <li>- Orzamento de gastos e ingresos das actividades para as que se solicita subvención</li> <li>- Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF</li> <li>- Copia do CIF da asociación</li> <li>- Declaración da obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma actividade</li> <li>- Certificado dos datos bancarios da entidade</li> <li>- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artg.13.2 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvencións</li> <li>- Acreditación da traxectoria temporal (para os que superen os 20 anos de existencia continuada)</li> </ul>				

En Silleda, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

SRA. CONCELLEIRA DE CULTURA. CONCELLO DE SILLEDA



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

**PROGRAMA OU MEMORIA DE ACTIVIDADES PARA O ANO 2024**

<p><b>Descrición da actividade:</b></p>  <p><b>Data prevista:</b></p> <p><b>Lugar de celebración previsto:</b></p> <p><b>Colaboradores previstos:</b></p>
---

\*Cubrir unha folia por cada actividade  
Silleda \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

O/A REPRESENTANTE LEGAL

Asdo.: Don/Dona \_\_\_\_\_



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

**INGRESOS:**

ACTIVIDADE	CONCEPTO	TOTAL EUROS
ESTIMACIÓN TOTAL INGRESOS		

**GASTOS:**

ACTIVIDADE	CONCEPTO	TOTAL EUROS
ESTIMACIÓN TOTAL DE GASTOS		

TOTAL DIFERENZA INGRESOS E GASTOS	
-----------------------------------	--

Silleda \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

O/A TESOUREIRO/A

Asdo.: Don/Dona \_\_\_\_\_

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: LUBGFZSQJK46J0IB



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./Dña..... con número de DNI:.....,

Presidente/ da Asociación.....

.....

**DECLARO**

Que a Asociación.....non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada

En Silleda a de de 2024

Asdo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:ZUBGFZSQJK46J0IB



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

## DECLARACIÓN TRAXECTORIA TEMPORAL DE COLECTIVOS E ASOCIACIÓNS

\*\*Só para aquelas que acrediten que levan máis de 20 anos de actividade continuada

D./Dña..... con número de DNI:.....,

Presidente/ da Asociación.....

.....

### DECLARO

Que a Asociación.....realiza unha actividade continuada dende o ano .....

E para que así conste, asino a presente declaración xurada

En Silleda a de de 2024

Asdo.:



Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON TER RECIBIDO OTRAS AXUDAS

D./Dña ..... con DNI nº ..... como  
responsable da Asociación ..... con enderezo  
en.....

### **DECLARA:**

Que **NON** lle foi concedida subvención ou axuda doutra Administración ou Entidade Pública ou Privada para o obxecto da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades culturais do Concello de Silleda

Silleda, de de 2024





Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

## CERTIFICADO DOS CARGOS REPRESENTATIVOS

Don/Dona \_\_\_\_\_ con D.N.I nº \_\_\_\_\_  
Secretario/a da Asociación \_\_\_\_\_  
con domicilio social en \_\_\_\_\_  
e NIF/CIF nº \_\_\_\_\_

### CERTIFICO:

Que segundo obran nas Actas desta Asociación actualmente os cargos representativos son:

PRESIDENTE/A	
VICEPRESIDENTE/A	
SECRETARIO/A	
TESOUREIRO/A	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	
VOGAL	

E para que conste, asino o presente Certificado en Silleda, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, de 2024  
O/A SECRETARIO/A

Asdo. Don/Dona-----







Mércores, 14 de febreiro de 2024

Núm. 32

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D....., con NIF..... como representante legal  
de:

Entidade Beneficiaria:

C.I.F/ N.I.F:

### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que non se recibiron máis axudas das que constan na conta xustificativa presentada.

Que a asociación non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

En Silleda a de de

Asdo.

O que se fai público para xeral coñecemento, advertíndose que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que adpotou o presente acordo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de conformidade co establecido no artigo 10.1 b), en concordancia co artigo 46.1 da Lei reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse, no seu caso, calquera outro recurso que se estime pertinente.

Silleda, na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa

Asdo. Paula María Fernández Pena

